

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MUGARDOS

Aprobación listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso de estabilización polo sistema excepcional de concurso, en execución da oferta de emprego público do ano 2022, praza psicólogo/a

### ANUNCIO

#### APROBACIÓN LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN POLO SISTEMA EXCEPCIONAL DE CONCURSO, EN EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022, PRAZA PSICÓLOGO/A.

D. José Miguel Mahía Prados, Concelleiro Delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior (delegación efectuada pola Resolución da Alcaldía núm. 2023-0615, de data 26.06.2023), pola Resolución da alcaldía núm. 2024-0358, de data 26.03.2024, resolveu:

**Primeiro.-** Aprobar e publicar no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello de Mugardos con acceso <https://mugardos.sedelectronica.gal/info.8> e na sección de emprego do portal da transparencia (<https://mugardos.sedelectronica.gal/transparency/02f34628-bd6d-4e8d-9312-e80e7a227874/>), e de xeito complementario, na páxina web do Concello de Mugardos (<https://mugardos.gal/es/>), a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, da seguinte maneira:

APELIDOS E NOME	DNI	ADMITIDOS/AS=A EXCLUÍDOS/AS=E	CAUSA DE EXCLUSIÓN	OBSERVACIÓNS
DE FRANCISCO MOURE, CARLOS	***7920**	A		
GONZÁLEZ PEREIRA, LUIS ALFONSO	***8542**	A		
FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, LUCÍA	***8471**	A		
TOIMIL BUJONES, LAURA	***8700**	A		
BLANCO FERNÁNDEZ, MARÍA ROCIO	***4027**	A		

#### Códigos causa exclusión:

- (1) Non aporta Titulación Académica requirida na base 4 letra c). das bases específicas do proceso de estabilización polo sistema excepcional de concurso, en execución da oferta de emprego público do ano 2022, praza psicólogo/a
- (2) Non aporta documento nacional de identidade ou documentación equivalente
- (3) Non aporta documento de transferencia ou ingreso acreditativo de ter ingresado os dereitos de exame establecidos na base 7ª das bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización de emprego temporal polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso oposición.
- (4) Non acredita o dereito á exención de pago de dereitos de exame, no caso daqueles persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% deberán presentar certificado de minusvalía e no caso de aquelas persoas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, ao menos, dun mes anterior á data da convocatoria das probas selectivas deberán presentar certificación expedida polo Servizo Público de Emprego correspondente.
- (5) Non ter acreditado atoparse en situación de incapacidade recoñecida polo INSS que non sexa invalidante en grao absoluto que teña reserva do posto e a incapacidade sexa revisable.

**Segundo.-** As persoas aspirantes excluídas e omitidas terán un prazo de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao de publicación da resolución no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, para formular reclamacións ou subsanar os defectos que motivasen a súa exclusión ou omisión.

Asinado dixitalmente polo Concelleiro Delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior, D. José Miguel Mahía Prados, en data 27 de marzo de 2024.

2024/2121